



# **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 7 DE SETEMBRO\_\_ DE 2011.**

### **PRESIDENTE**

Excmo. Sr. D. Leopoldo Rubido Ramonde

### **CONCELLEIROS**

Don Alfredo Vilela Santalla  
Don Pablo Luis Nebril López  
Don Juan Carlos Romero Beceiro

### **AUSENTES:**

Don Luis Rubido Ramonde

### **SECRETARIA ACCTAL:**

Dona M<sup>a</sup> del Mar Antón Brage

### **INTERVENTOR ACCTAL:**

Don Benigno Pérez García

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás trece horas e vintecinco minutos do día sete de setembro de dous mil once, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretaria acctal. da Corporación dona M<sup>a</sup> del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DE 31.08.2011**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F. a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada na data 31.08.2011, e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes.

## **2.- APROBACION DO CONVENIO COA ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ ROJA CEDEIRA**

Vista proposta da alcaldía acctal. de data 31.08.2011, que literamente di:

“A Asamblea Local de Cruz Roja Cedeira presta un importante servizo ao Concello e aos cidadáns en xeral ao encargarse de traballos de entre outras, de salvamento marítimo, cobertura de eventos, e entrega de alimentos a persoas necesitadas.

Co ánimo de colaborar economicamente coa citada entidade, nos Orzamentos de 2011 figura unha subvención nominativa a nome de Cruz Roja na partida 134.489.00 por importe de 1.600,00 €.



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Propónse por elo o trámite de aprobación do convenio por importe de 1.600,00 € para a efectividade da subvención correspondente.

Presentada a xustificación por parte da Asamblea Local de Cruz Roja Cedeira, infórmase pola Intervención municipal favorablemente a xustificación dos gastos realizados.

Convorme as atribucións previstas na normativa vixente e as delegacións previstas, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asamblea Local de Cruz Roja para os gastos de funcionamento e actividades durante o exercicio 2011.

**Segundo.-** Aprobar a xustificación presentada para o exercicio 2011, o 31 de agosto de 2011 co número de rexistro no concello 5017.

**Terceiro.-** Aprobar o gasto e recoñecer as obrigas derivadas do convenio, por importe total de 1.600,00 € con cargo á partida 134.489.00, e proceder ao abono da subvención.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

**Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asamblea Local de Cruz Roja para os gastos de funcionamento e actividades durante o exercicio 2011.

**Segundo.-** Aprobar a xustificación presentada para o exercicio 2011, o 31 de agosto de 2011 co número de rexistro no concello 5017.

**Terceiro.-** Aprobar o gasto e rexoñecer as obrigas derivadas do convenio, por importe total de 1.600,00 € con cargo á partida 134.489.00, e proceder ao abono da subvención

### **3.- ESCRITOS VARIOS**

No se presentan.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, estendéndose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria acctal, dou fe.